

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/9	A Xunta de Goberno Local

**DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	02 de marzo de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:10 ata as 13:25 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuíña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

**ASISTENCIA A SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior: 23.02.2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 23 de febreiro de 2023.

**Expediente 373/2023. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a memoria asinada polo aedl deste Concello na que se xustifica a necesidade da contratación do servizo de DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023

Visto que o obxecto do presente contrato é establecer as condicións técnicas que rexerán a prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das parroquias do termo municipal de Silleda incluídas nos lotes que se detallarán no Prego de cláusulas administrativas particulares, que incluírá a retirada e tratamento adecuado dos residuos procedentes da realización dos traballos de roza e limpeza.

Visto que o valor estimado do contrato ascende a 47.515,00 euros, podéndose a acudir a ao procedemento aberto simplificado.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:**

**Primeiro.-** Que se inicie o procedemento de adxudicación do CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDemento ABERTO SIMPLIFICADO SERVIZOS - CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2023 por importe de 47.515,00 euros mais 9.978,1€ IVE o que fai un total de 57.493,15€ polo procedemento aberto simplificado, por un período de 2 meses (xuño e xullo), prorrogable por un mes.

**Segundo.-** Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**Terceiro.-** Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**Cuarto.-** Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

**ASUNTO:** INFORME XUSTIFICATIVO SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E

**Concello de Silleda**

## **EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN.**

### **1.- INTRODUCCIÓN**

Coa entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, supuxo un profundo cambio na xestión da contratación pública en diversos sectores, entre os que se atopan a contratación das tarefas de limpeza e roza de cunetas, beiravías e noiros ata deixar libre todo o pavimento da calzada, incluíndo o tratamento dos residuos e a retirada a vertedoiros autorizados. Considerado un contrato de servizos de acordo coa previsión do artigo 101 deste texto, e de conformidade cos artigos 308 e seguintes. O feito de que as contías polas que se contrata a protección de determinados riscos superen os límites para a contratación dun contrato menor, así como a posibilidade de obter as mellores condicións logo da instrución dun expediente de contratación obrigan á realización desta proposta.

### **2.- DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL**

#### **a. Situación na Institución**

O Concello de Silleda non ten medios suficientes para prestar este servizo. A complexidade dos traballos, a falta de recursos técnicos especializados para a súa xestión dentro da Entidade Local e a necesidade de lograr unha maior eficiencia fan imposible que estas tarefas sexan realizadas polo persoal municipal.

#### **b. Marco normativo**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da LCAP ( RXLCAP), en todo o que non se opoña ao establecido na LCSP.
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais, téndose especialmente en conta a normativa urbanística e ambiental.

Tamén terán carácter contractual o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

### **3.- OBXECTO DO CONTRATO.**

**CONTRATACIÓN POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDANO ANO 2023 de acordo cos termos establecidos no PCAP e PPT.**

#### 4.- NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.

Coa celebración do contrato preténdese a prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das distintas parroquias do municipio, incluídas en cada un dos lotes que se establecen

As tarefas que se van a subscribir serán as descritas no Prego de Prescricións Técnicas e, no seu caso, no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o procedementos de contratación de referencia.

#### 5.- ANÁLISE ECONÓMICA

O orzamento deste contrato desagregase do xeito que segue:

LOTES	Metros lineais	€/m	Prezo
<b>LOTE 1:</b> DORNELAS-PIÑEIRO-MANDUAS-CIRA-CERVAÑA-LAMELA- MOALDE-ESCUADRO	116.000,00	0,215	24.940,00 €
<b>LOTE 2:</b> ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS	63.000,00	0,215	13.545,00€
<b>LOTE 3</b> GRABA-CORTEGADA-REFOXOS-OLEIROS-LARO-PARADA	42.000,00	0,215	9.030,00 €
	Total		47.515,00€
	IVE		9.978,15€
			57.493,15€

O sistema de determinación do prezo é o prezo mais baixo por metro lineal de camiño a rozar

- Valor Estimado

O valor estimado do contrato, tendo en conta a duración inicial, a posible prórroga e as modificacións previstas, ascende á cantidade que abaixo se indica, o cal, e de conformidade co previsto no artigo 101.11.a) da LCSP, vén determinado tendo en conta o importe da destes traballos en anos anteriores e as variacións producidas, e atendendo aos custos directos e indirectos e impostos que lle son de aplicación.

LOTES	Metros lineais	€/m	Prezo
<b>LOTE 1:</b> DORNELAS-PIÑEIRO-MANDUAS-CIRA-CERVAÑA-LAMELA- MOALDE-ESCUADRO	116.000,00	0,215	24.940,00 €
<b>LOTE 2:</b> ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS	63.000,00	0,215	13.545,00€
<b>LOTE 3</b> GRABA-CORTEGADA-REFOXOS-OLEIROS-LARO-PARADA	42.000,00	0,215	9.030,00 €
	Total		47.515,00€
	IVE		9.978,15€
			57.493,15€

#### 6.- ANÁLISE DO PROCEDEMENTO.

#### A Xustificación do procedemento

Considérase que o procedemento aberto é o máis axeitado para esta contratación por permitir que calquera empresa licitadora poida presentarse a esta licitación. Utilizarase unha pluralidade de criterios de adxudicación, xa que a prestación a contratar non está totalmente definida.

#### B Cualificación do contrato

O presente contrato é de natureza administrativa conforme o exposto no artigo 17, e 25 da Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

#### C Análise de execución por lotes

Nº DE LOTE	ASUNTO	CPV
1	LOTE 1: DORNELAS-PIÑEIRO-MANDUAS-CIRA-CERVAÑA-LAMELA-MOALDE-ESCUADRO	90522400-6 Limpeza e tratamento de terreos.
2	LOTE 2: ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS	90522400-6 Limpeza e tratamento de terreos.
3	LOTE 3: GRABA-CORTEGADA-REFOXOS-OLEIROS-LARO-PARADA	90522400-6 Limpeza e tratamento de terreos.

#### d. Duración

LOTE 1: Período de duración de 2 meses que serán os de xuño e xullo, con posible prórroga de 1 mes

LOTE 2: Período de duración de 2 meses que serán os de xuño e xullo, con posible prórroga de 1 mes

LOTE 3: Período de duración de 2 meses que serán os de xuño e xullo, con posible prórroga de 1 mes

### 7. CONCLUSIÓNS

Trátase dun contrato de servizos por procedemento aberto simplificado. O obxecto do contrato é a prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das distintas parroquias do municipio, incluídas en cada un dos lotes que se establecen que á súa vez pódese desagregar en lotes atendendo a diferente natureza e obxecto de cada un deles:

**LOTE 1:** prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das parroquias: DORNELAS-PIÑEIRO-MANDUAS-CIRA-CERVAÑA-LAMELA-MOALDE-ESCUADRO

**LOTE 2:** prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das parroquias: ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS

**LOTE 3:** prestación do servizo de limpeza e roza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños das parroquias: GRABA-CORTEGADA-REFOXOS-OLEIROS-LARO-PARADA

No que se refire ao orzamento do presente contrato, fica da seguinte forma:

LOTES	Metros lineais	€/m	Prezo
<b>LOTE 1:</b> DORNELAS-PIÑEIRO-MANDUAS-CIRA-CERVAÑA-LAMELA- MOALDE-ESCUADRO	116.000,00	0,215	24.940,00 €
<b>LOTE 2:</b> ABADES-CHAPA-PAZOS-ANSEMIL-BREIXA-MARTIXE-RELLAS-MARGARIDE-SILLEDA-FIESTRAS	63.000,00	0,215	13.545,00€
<b>LOTE 3</b> GRABA-CORTEGADA-REFOXOS-OLEIROS-LARO-PARADA	42.000,00	0,215	9.030,00 €
	Total		47.515,00€
	IVE		9.978,15€
	<b>Orzamento Máximo</b>		<b>57.493,15€</b>

O valor estimado do contrato é de 47,515,00€.

A duración será de 2 meses (xuño e xullo) con posible prórroga de 1 mes, para os 3 LOTES

**Expediente 1117/2022. LICENZA OU AUTORIZACIÓN URBANÍSTICA. DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN DE TIPOLOXÍA TRADICIONAL EN ESTADO RUINOSO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

**ANTECEDENTES:**

1º.-Consta no expediente a autorización por parte de Don José Julián Labrador Herraiz, titular

do Documento Nacional de Identidade nº XXXXXXXXa Dona Natalia Campos Ferro, titular do Documento Nacional de Identidade nºXXXXXXXX, para a representación ante o Concello de Silleda, para a tramitación da declaración de ruina e a licenza das obras de demolición na parcela con referencia catastral 36052E501060060000HU situada no lugar de Eirexe, Moalde, 36579 Silleda (Pontevedra).

2º.- Consta no expediente memoria-proxecto asinado o 27 de maio de 2022 pola Arquitecta Natalia Campos Ferro, colexiada nº 4382 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2203789, 2 polo COAG o 30/06/2022.

3º.- Consta no expediente Informe de Valoración Patrimonial (IVP) de ruina en Moalde (Silleda) asinado o 22 de maio de 2022 por Dona Natalia Campos Ferro, arquitecta colexiada nº 4382 del Colexio Oficial de Arquitectos de GALICIA, no que se conclúe o seguinte:

“- Nos encontramos ante los supuestos de ruina técnica y ruina económica.

- Después de realizar una evaluación conforme a las categorías informativa, estética, simbólica y económica, no se han alcanzado puntuaciones relevantes en ninguna de las mismas, por lo que se concluye que la edificación no posee un valor que justifique la intervención y promoción patrimonial del mismo”.

4º.- Consta no expediente a autorización asinada pola Xefa de Servizo de Coordinación Cultural, M<sup>a</sup> José Echevarría Moreno, da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Servizo de Coordinación Cultural da Delegación Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia, o 11/10/2022.

No mencionado documento recóllese “a autorización das obras de demolición de edificación en estado ruinoso en Eirexe (Polígono 501, Parcela 6006), Moalde, concello de Silleda, polos motivos sinalados no punto 3 do apartado ANTECEDENTES desta resolución”.

O punto 3 do apartado de ANTECEDENTES establece que con data 7 de outubro de 2022 emítase informe técnico que di o seguinte:

“Con número de rexistro electrónico 2022/1732511 recíbese a solicitude para levar a cabo obras de demolición de edificación en estado ruinoso en Eirexe (Polígono 501, Parcela 6006), Moalde, no concello de Silleda.

Achégase informe de valoración patrimonial e proxecto de derruba, elaborados pola arquitecta Natalia Campos Ferro. O proxecto está visado con data 30/06/2022.

A vivenda sitúase en solo non urbanizable normal, no contorno do Pazo de Eirexe (19.05), da Casa reitoral de San Mamede de Moalde (19.07) e dos xacementos Castro de Moalde/Coto do castro (GA 36052017) e Eirexa vella (GA36052R11). Os bens están incluídos no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18/12/2012.

De acordo co artigo 39 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, LPCG, as intervencións

que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen.

## ANTECEDENTES

Constan nos arquivos deste departamento territorial os seguintes expedientes tramitados para a mesma edificación que nos ocupa:

- Expediente 3882/21, relativo á reconstrución de valado tradicional, resolveuse informando favorablemente, condicionado ao uso de pedra da zona.

## CONSIDERACIÓNS

Solicítase autorización para demoler unha edificación tradicional en estado de ruina técnica e económica. A edificación conta con dúas construcións anexas en mellor estado que se pretenden manter.

A parcela sitúase en solo non urbanizable normal segundo o planeamento vixente. A denominación resulta asimilable ao solo rústico. A edificación non está catalogada. A construción a demoler está fora do contorno dos xacementos arqueolóxicos.

Considérase que a demolición solicitada é compatible co mantemento dos valores ambientais no contorno e non interfere coa posta en valor dos bens, polo que desde o punto de vista do patrimonio, non se atopa impedimento legal para a súa autorización.

## CONCLUSIÓNS

En atención ao exposto anteriormente, e polo que respecta á protección do patrimonio cultural, emítase informe favorable ás obras de demolición de edificación en estado ruinoso.”

5º.- Consta no expediente informe favorable da Consellería do Medio Rural, Xefatura Territorial de Pontevedra, Servizo de Infraestruturas Agrarias, asinado o 21 de xullo de 2022 por Francisco Javier Rodríguez Jar, xefe de Sección de Estruturas Agrarias e Obras e co Visto e Prace, da xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, María José Pérez Gil.

6º.- Consta informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 30/01/2023, que recolle, entre outros análises, o seguinte:

### 2.3. CUMPRIMENTO DAS PREVISIÓNS DA NORMATIVA URBANÍSTICA VIXENTE:

#### a) Réxime legal do solo

1. A parcela onde se localiza a edificación está cualificada no planeamento municipal vixente como solo non urbanizable normal; ao que en virtude da Disposición Transitoria 1ª.2.d). da



LSG, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico. En consecuencia resulta de aplicación, aos efectos dos usos e actividades nesta clase de solo, o réxime establecido nos artigos 35 a 37 LSG e 50 a 55 RLSG. As condicións para as edificacións regúlanse nos artigos 39 LSG e 59 a 63 RLSG.

De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da LSG, e 51.2 do RLSG, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

## 2. Afección sectorial:

2.1. A parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Moalde (Silleda Pontevedra) declarada de utilidade pública e urxente execución polo decreto 2400/1966, do 13 de agosto de 1966, e finalizou o 13/11/72 coa aprobación da acta de reorganización da propiedade, dando como resultado do proceso de concentración, o predio de reemplazo 106 do polígono 1 como parte de dita acta. O art. 34.2.a) LSG e concordante 49.2.a) RLSG categoriza o solo rústico de protección agropecuaria, como o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira, como é o caso. Correspondendo por tanto, á parcela de referencia, esta categoría de solo rústico.

Nos termos esixibles do art. 36.2 da LSG é necesaria a previa autorización ou informe favorable por parte do órgano que teña a competencia sectorial correspondente no solo rústico de especial protección.

Conta neste caso con autorización por parte de este organismo sectorial afectado, Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia de data 21.07.2022(Expediente Ref.: 2022/01784).

2.2. A parcela atópase no contorno de protección do Pazo de Eirexe (19.05), da Casa reitoral de San Mamede de Moalde (19.07) e dos xacementos Castro de Moalde/Coto do castro (GA 36052017) e Eirexa vella (GA36052R11). Estes bens están incluídos no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 18/12/2012.

O art. 34.2.h) LSG categoriza en Solo rústico de protección patrimonial, o terreo protexido pola lexislación de patrimonio cultural, como é o caso. De acordo co artigo 39 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, LPCG, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia do patrimonio cultural. Conta con Autorización por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 05.07.2022, respecto da intervención a realizar. Expediente núm. 2343/22. Resolución en senso favorable, de acordo aos motivos sinalados no apartado 3 do corpo da resolución: "(...) A edificación non está catalogada. A construción a demoler está fora do contorno dos xacementos arqueolóxicos. Considérase que a demolición solicitada é compatible co mantemento dos valores ambientais no contorno e non interfere coa posta en

valor dos bens, polo que desde o punto de vista do patrimonio, non se atopa impedimento legal para a súa autorización.”

Cando un terreo polas súas características poida corresponder a varias categorías de solo rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria. (Art. 34.4 LSG).

b) Determinacións aplicables:

-O artigo 26da LSGe 40 do RLSG, regula o seguinte réxime de actuacións incompatibles en solo de núcleo rural, a ter en conta por similitude para os casos en solo rústico:“1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:[...] g) A demolición das construcións existentes, salvo nos seguintes supostos:–Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.–Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio,ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.–As amparadas nunha resolución administrativa ou nunha sentenza xudicial.”

-Neste caso solicítase autorización para demoler os restos dunha edificación tradicional en estado de ruína técnica e económica en solo rústico.

A arquitecta redactora do proxecto, inclúe un informe de valoración patrimonial así como o correspondente proxecto de derrubo. Neles estuda, analiza e valora o estado actual dos restos da edificación existente, así como as particularidades arquitectónicas representativas que posúe.

Analiza o entorno sobre o que se sitúa esta construción. Concluindo finalmente, a adaptación e axuste aos parámetros de excepción nos termos do artigo 26 da LSGde posibilidade de demolición, dado a non presenza de características arquitectónicas merecedoras de protección, nin presentando características históricas, artísticas, culturais ou ambientais de escaso ou ningún valor.

-Esta edificación non se atopa incluída en Catálogos de Planeamento, nin sometida a protección particular algunha.

Conta con autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa demolición.

**CONCLUSIÓN:**

Polo que, tendo en conta o anterior, infórmase FAVORABLEMENTE o presente expediente correspondente a demolición dunha edificación de tipoloxía tradicional en estado ruinoso sita no Lg. Eirexe 4, polígono 501 parcela 6006 Moalde,do termo municipal, conforme e segundo o proxecto técnico presentado redactado pola arquitecta Dona Natalia Campos Ferro colexiado (colexiada nº 4.382); coa observancia das seguintes condicións:

1. Antes do comezo das obras deberá presentarse o nomeamento da dirección de execución e do coordinador de seguridade e saúde das mesmas, visados polos colexios oficiais correspondentes. (Art. 353.2.e) RLSG).

2. Non se acumularán entullos no interior da parcela”.

7º.- Consta informe xurídico da Secretaria da Corporación de data 1 marzo de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

#### PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

#### SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

- d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

**TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)**

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión

de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se prevea o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe

favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Don JOSÉ JULIÁN LABRADOR HERRAIZ a licenza urbanística solicitada para a demolición de edificación de tipoloxía tradicional en estado ruinoso na parcela con referencia catastral 36052E501060060000HU situada no lugar de Eirexe, Moalde, 36579 Silleda (Pontevedra), de acordo co proxecto asinado o 27 de maio de 2022 pola Arquitecta Natalia Campos Ferro, colexiada nº 4382 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, visado nº 2203789, 2 polo COAG o 30/06/2022, e demais documentación aportada ó expediente.

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e CONDICIONADA ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar o seguinte:

1. Antes do comezo das obras deberá presentarse o nomeamento da dirección de execución e do coordinador de seguridade e saúde das mesmas, visados polos colexios oficiais correspondentes. (Art. 353.2.e) RLSG).

2. Non se acumularán entullos no interior da parcela.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE